



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

Aprobación bases reguladoras PREM-LS/2025

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases do I Premio “Luis Seoane” de deseño, cuxo texto se transcribe:

I Premio “Luis Seoane” de deseño

BASES

Primeira.- Obxecto

A convocatoria está destinada a recoñecer traxectorias de persoas, colectivos ou entidades, dedicadas profesionalmente ao deseño, pola especial relevancia e valor dos seus traballos nalgunha das especialidades reseñadas e descritas na taxonomía do deseño do Estudo da economía do deseño en Galicia, elaborado pola Asociación galega de deseño DAG, no 2022:

- Deseño gráfico e comunicación visual
- Deseño dixital
- Deseño de procesos de organización
- Deseño industrial e de produto
- Deseño de espazos
- Deseño de moda

Segunda.- Solicitantes

- Poderán presentar candidaturas argumentadas para a concesión do premio todas as persoas físicas maiores de idade ou persoas xurídicas, interesadas na promoción do deseño.
- As persoas que formen parte do xurado poderán propor candidaturas que deberán facer chegar ao resto das persoas integrantes do xurado cando menos 72 horas antes da sesión de deliberación.

Terceira.- Candidaturas

As persoas candidatas deberán ter como mínimo unha traxectoria de dez anos de dedicación profesional e cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Persoas, grupos ou entidades que exerzan ou teñan exercido a súa profesión en Galicia.
- Persoas nadas en Galicia, que residindo fóra da Comunidade autónoma galega, presenten na súa traxectoria unha serie de obras relevantes realizada para clientes galegos.

Só se admitirá unha candidatura por persoa física ou xurídica.

Non se admitirán autocandidaturas.

Cuarta.- Dotación

Establécese un único premio cunha dotación de 6.500€.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lles sexan de aplicación.

O premio poderá quedar deserto ou ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sin prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si a beneficiaria falecese despois do fallo do xurado.

Quinta.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día **9 de abril de 2025 ás 08:00 horas e rematará o 19 de maio de 2025 ás 14:00 horas**, logo da publicación das bases deste premio no BOP da Coruña.

Sexta.- Tramitación da solicitude

A convocatoria tramitárase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

- Quen presente a solicitude deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións; excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se notifique o dito cambio á Deputación.
- Deberá dispoñer de certificado dixital.
- A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude.
- A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.
- Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

A documentación a presentar é a seguinte:

- Memoria explicativa na que se recollan os datos seguintes da persoa ou entidade proposta:
 - Nome da persoa, colectivo, asociación ou entidade; NIF
 - Nome representante, NIF
 - Enderezo postal
 - Teléfono
 - Enderezo electrónico
 - Enderezo web
 - Currículo detallado, indicando datos persoais, lugar e data de nacemento, estudos realizados, lugar ou lugares onde traballou (empresas e cidades), as obras ou proxectos realizados, anos de realización e nomes dos clientes que encomendaron as obras.
 - Fotografías das pezas máis relevantes do currículo e, se fose necesario, a descrición da peza. (As fotografías achegadas deben ter a pertinente autorización para poder ser difundidas. Asemade, se fose preciso, indicar autoría a citar)
- Declaración de conformidade da persoa ou entidade proposta coa presentación da candidatura
- No caso de persoas xurídicas:
 - Acreditación da representación da entidade ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática da solicitude e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación).

Sétima.- Xurado

O xurado estará presidido pola Deputada de Cultura, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del cinco persoas nomeadas por ela:

- Unha persoa que pertenza ao ámbito do ensino do deseño (Escolas, Facultade)
- Tres persoas profesionais en exercicio de diferentes especialidades: gráfico, de produto, dixital, de moda etc...
- Unha persoa do ámbito empresarial ou cultural, especialmente relacionado cos campos do deseño, a arte e a comunicación.

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: "Órganos colexiados das distintas administracións públicas", artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

Oitava.- Concesión e pago

Concesión

A resolución de concesión do premio será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia.

O xurado poderá declarar deserto o premio ou ser concedido con carácter ex aequo.

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

Pago

Para o cobro do premio, deberán presentar a seguinte documentación:

Persoas físicas ou xurídicas con residencia española:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria.

Persoas físicas con residencia fora de España:

- Copia do pasaporte ou DNI
- Certificado de residencia fiscal
- Declaración de non ter establecemento permanente en España
- Certificación de titularidade de conta bancaria

A presentación desta documentación farase preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "solicitud xeral" dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña.

A sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Tamén poderá presentala en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Décima.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A Coruña, 24 de marzo de 2025

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario accidental

Miguel Iglesias Martínez

2025/1953